



Formación profesional

Programación das actividades asociadas á contorna laboral

Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
27015891	IES da Terra Chá, José Traperó Pardo	2019-2020

Ciclo formativo

Código	Nome
CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural

Módulo profesional

Código	Nome
MP0841	Formación en centros de traballo

Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
Xeral-Ordinario	Presencial	2º CM

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos da persoa titora do grupo)

DOCENTE	Nome e apelidos
Responsable	Velia González Salgado, Antonio Ventura Figueroa Paz (Subst.)
Titor/a	Velia González Salgado, Antonio Ventura Figueroa Paz (Subst.)

Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial.



Introdución e contextualización

A actividade está asociada á contorna laboral do ciclo formativo de FP de Grao Medio de **Aproveitamento e conservación do medio natural** e consiste na realización dun programa ou plan, que se recollerá nun documento. Soamente se terán en conta os módulos asociados ás unidades de competencia.

O documento elaborárase de acordo coas características da contorna profesional, tendo en conta a perspectiva do título no sector produtivo no que se contextualiza, as funcións propias de cada tipo de persoal técnico, os elementos tecnolóxicos e organizativos que afectan as ocupacións e os postos de traballo desenvolvidos polos/as diferentes profesionais.

Para a elaboración do documento, poderanse utilizar como referente o modelo de guión que se detallan a continuación ou optar por outro de igual validez.

Segundo o exposto na Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial, estableceranse medidas excepcionais en materia de ordenación e organización nas ensinanzas de Formación Profesional para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en centros da comunidade autónoma de Galicia.

No artigo 2 indicase o referente ó módulo de Formación en centros de traballo (FCT), e as posibilidades de FLEXIBILIZAR as condicións xerais do seu desenvolvemento. No punto 1 deste artigo faise referencia á realización da FCT no período ordinario ofrecendo varias opcións aos centros educativos. No apartado "e" deste punto faise referencia á posibilidade de substituír a Formación en Centros de Traballo por unha proposta de actividades asociadas á contorna laboral, segundo o modelo do *anexo I* da devandita orde.

Especificacións das actividades a realizar

(Referencia a un proceso produtivo real ou simulado específico do campo profesional asociado ao ciclo formativo)

Consistirá nun programa ou plan de coñecemento dunha empresa relacionada cuxa actividade estea relacionada con calquera dos tipos vistos ou estudado nos diferentes módulos do ciclo, é dicir, empresas de servizos forestais ou agrícolas, posta en valor da natureza, etc.

Actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

O documento elaborárase segundo as características da contorna profesional, e será entregado coa estrutura mínima e básica dun traballo académico.

O obxectivo será a integración efectiva dos aspectos da competencia xeral e competencias profesionais, persoais e sociais integradas no perfil profesional, desenvolvidas nos módulos do título, partindo dos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación do módulo de FCT.

Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

(Indicando as que deben realizar de forma individual ou en grupo)

Realizarase a través do coñecemento e descrición dunha empresa pertencente ao contexto económico e social que afecta ao ciclo formativo, aportando datos, fotos e todo aquel material necesario para a posible realización da súa análise, e incluso a posterior realización de comparativas entre distintas empresa, tras unha recompilación e sistematización de datos obtidos por distintos sistemas como observacións directas, aplicacións informáticas, enquisa ou calquera outro sistema de provisión de información.

O coñecemento e descrición poderá realizarse segundo o seguinte guión:

Horarios previstos para as actividades de titoría, seguimento, canles de comunicación.

As actividades de titoría realizaranse cunha periodicidade mínima de 2 veces por semana, en horario conxunto para os alumnos que opten por



este formato de FCT, de 13:00 a 13:55 horas os martes e de 12:15 a 13:55 os xoves.

A canle principal de comunicación será a videochamada a través da aplicación Cisco Webex e para o envío de tarefas o correo electrónico e a aula virtual (nun apartado habilitado a tal efecto). No caso de que se reactive a presenza dos docentes nos centros as titorías poderán ser presenciais manténdose o mesmo horario e días.

Prazo e formato de entrega das actividades

O prazo de entrega será antes do vindeiro día 10 de xuño as 23:59 horas.

O formato deberá ser un documento PDF, o cal contará cunha portada cos datos básicos (título, nome do alumno, ciclo que estuda e ano en curso), terá encabezado e pe de páxina, estará paxinado co formato paxina xx de xx, e contará con índice e conclusión. Redactado en tipo de letra ARIAL tamaño 12, espaciado 1,5 e con texto xustifico.

Será preciso entregar o documento resultante a través do enlace da aula virtual habilitado para tal fin. No caso de non ser posible o acceso á Aula Virtual, permitirase excepcionalmente a entrega por correo electrónico.

Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva e criterios de cualificación

Resultados de aprendizaxe e Criterios de avaliación	Mínimo esixible
RA1. Identifica a estrutura e a organización da empresa, tendo en conta a súa relación coa produción e a comercialización dos produtos que obtén ou os servizos que realiza.	
CA.1.1. Identificouse a estrutura e dimensión da empresa.	Si
CA.1.2. Describiuse a actividade produtiva da empresa.	Si
CA.1.3. Identificáronse as características específicas dos sectores económicos vinculados en relación coa contorna económica da empresa.	Non
CA.1.4. Realizouse un inventario de equipamento e maquinaria da empresa.	Si
CA.1.5. Realizouse un croque das instalacións da empresa.	Non
CA.1.6. Describíronse as instalacións da empresa.	Si
CA.1.7. Identificáronse as posibles sinerxias con empresas da contorna do mesmo ou distinto sector.	Non
RA2. Realiza propostas de innovación para a posible implementación na empresa	
CA.2.1. Realizáronse propostas de innovación, novos produtos ou servizos ou forma de ofrecelos	Non
RA3. Describe os procesos de aplicación da normativa medioambiental e de prevención de riscos laborais da empresa	
CA.3.1. Describíronse as medidas de cumprimento de normativa medioambiental e de prevención de riscos laborais así como os seus mecanismos de xestión e aplicación na empresa.	Si
RA4. Analiza a aplicación e dimensión que poden aportar as novas tecnoloxías á empresa	
CA.4.1. Analizouse a aplicación das novas tecnoloxías na empresa.	Si
CA.4.2. Identificáronse novas tecnoloxías que pode empregar a empresa para mellorar o seu rendimento.	Non
RA5. Compre cos criterios de elaboración e entrega do traballo	
CA.5.1. Realizouse e entregouse o traballo por escrito no prazo establecido.	Si
CA.5.2. Elaborouse e entregouse o traballo no formato, estrutura e procedemento establecido.	Si

Criterios de Cualificación

A cualificación fundamentarase no cumprimento dos criterios de avaliación considerados como mínimos esixibles, obtendo unha cualificación de **Apto/a** ou **Non Apto/a**, ao igual que se establece para a FCT realizada de xeito presencial na empresa.



Procedemento para a recuperación das partes non superadas

No caso de que os alumnos/as obteñan a cualificación de non apto/a, deberán matricularse e realizar o módulo FCT de novo nos períodos e prazos previstos pola lexislación vixente.

Medidas de atención á diversidade

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Na medida do posible, tratarase de detectar casos de alumnos/as que requiran unha atención especial referente ao seu proceso de aprendizaxe. Unha vez detectadas as dificultades, o alumno será obxecto dun seguimento especial no desenvolvemento do módulo, propoñéndoselle novas actividades específicas de apoio.